

IDENTIFICACIÓN DE NECESIDADES PALIATIVAS en Atención Primaria

Grupo de traballo de cuidados paliativos de AGEFEC: López Sánchez, Miguel Ángel; Millán Fernández, Mariana; Abeledo Paños, Nadia; López Triguero, Ángel



QUE SON?

Necesidades da persoa con enfermidade avanzada que poden limitar a súa supervivencia ou diminuír a súa calidade de vida a nivel físico, psico-emocional, social e espiritual. Inclúense tamén as necesidades da familia e entorno de coidado e do proceso de dó.

QUEN E CANDO SE IDENTIFICAN?

- Calquera profesional de AP que atenda á persoa ou entorno
- O máis precozmente posible, incluso dende a diagnose da enfermidade

QUEN PODE BENEFICIARSE?

- Persoas con enfermidades crónicas avanzadas, progresivas e/ou con alta demanda: onco-hematolóxicas, cardíacas, renais, respiratorias, hepáticas, neurolóxicas, etc.
- Persoas con enfermidades agudas cun rápido avance e mal pronóstico

QUE BENEFICIOS APORTA?

- Permite reformular o enfoque da atención axeitando o plan de cuidados ás necesidades de cada momento.
- Aumenta a calidade de vida da persoa enferma e a súa familia
- Mellora o seu coñecemento sobre a súa situación de enfermidade
- Permite que participe activamente na planificación desta etapa da súa biografía
- Facilita a mobilización dos recursos máis axeitados para unha atención integral e de calidade

PAPEL DA ENFERMEIRA FAMILIAR E COMUNITARIA

Identificación precoz

Necesidade de atención paliativa CIAP A99.01

Acompañamento

- Comunicación exquisita, escoita activa
- Actitudes: hospitalidade, presenza, empatía compasiva
- Atención ao proceso de dó posterior ao falecemento

Traballo en equipo multidisciplinar

- Elaboración en equipo e coa persoa enferma do plan de cuidados multi-dimensional e adaptado a cada momento
- Especial atención nos últimos días

Atención centrada na persoa

- Valoración sintomática, estado funcional, nutritivo, cognitivo, uso de recursos, etc
- Exploración de valores e preferencias
- Exploración de necesidades psicosociais e espirituais

Familia e entorno de coidado

- Educación en cuidados
- Anticipar complicacións
- Coidar á persoa coidadora principal

Xestión de caso

- Liderado en cuidados durante todo o proceso e na planificación compartida da atención que vai recibir nesta etapa
- Atención integrada con outros servizos

Visión comunitaria

- Mapeo de recursos psicosociais que podan ser útiles nesta etapa da vida
- Cribado de pacientes crónicos avanzados, para a detección precoz, con ferramentas validadas como NECPAL CCOMS-ICO

NECPAL

QUE É E PARA QUE SERVE?

Ferramenta de cribado poboacional para identificar a persoas con necesidades paliativas e poder dar unha atención paliativa precoz, integral e integrada.


QUE IMPLICA UN NECPAL POSITIVO?

- Valoración multidimensional do paciente
- Valoración e apoio a coidadores e familia
- Avaliación do plan terapéutico multidimensional
- Enfoque paliativo gradual compatible con outros tratamentos

QUE NON IMPLICA?

- Limitación do esforzo terapéutico
- Sedación
- Establecemento de tempos prognósticos
- Uso de recursos especializados
- Estigmatización do paciente

COMO?



BIBLIOGRAFÍA

- Gómez-Batiste, X., Amblàs, J., & Turrillas, P. (2021). *Recomendaciones prácticas para la identificación y la aproximación pronóstica de personas con enfermedades crónicas avanzadas y necesidades paliativas en servicios de salud y sociales. NECPAL 4.0 Pronóstico.*
- Amblàs, J., Costa, X., Espauella, J., Lasmarías, C., Ela, S., Beas, E., Domínguez, B., & Mir, S. (2017). *Recomendaciones para la atención integral e integrada de personas con enfermedades o condiciones crónicas avanzadas y pronóstico de vida limitado en servicios de salud y sociales: NECPAL CCOMS-ICO 3.1.*
- Sociedad Española de Cuidados Paliativos. (n.d.). *Guía de Cuidados Paliativos.* www.secpal.org
- Grupo de trabajo de la Guía de Práctica Clínica sobre atención paliativa al adulto en situación de últimos días. *Guía de Práctica Clínica sobre atención paliativa al adulto en situación de últimos días.* Madrid: Ministerio de Sanidad; Santiago de Compostela: Agencia de Conocimiento en Salud (ACIS). Unidad de Asesoramiento Científico-técnico, Avalia-t; 2021. *Guías de Práctica Clínica en el SNS.* www.guiasalud.es
- Sociedad Española de Cuidados Paliativos. *Monografía SECPAL. Cronicidad Avanzada.* 2018. www.secpal.org